

ORZAMENTO XERAL.**BASES DE EXECUCION DO ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2015****CAPÍTULO III.- RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.****BASE 49ª.- RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

1º.- As retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación serán as seguintes:

- a) Sr. Alcalde: 52.800,00 euros (3.771,43 euros mensuais, en 14 pagas).
- b) Concelleiro/s con dedicación exclusiva:
 - 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira delegada de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá e Promoción e Dinamización Económica e Cultural: 30.510,18 euros (2.179,30 euros mensuais, en 14 pagas).

O restantes concelleiros percibirán as seguintes contías pola preparación de asuntos e asistencia a cada unha das sesións celebradas polos órganos dos que formen parte:

Pleno	90 €/sesión
Xunta de Portavoces	30 € sesión.
Xunta de Goberno Local	30 € sesión.
Comisións Informativas	15 €/sesión.
Comisións especiais de seguimento	12 €/sesión, a certificar pola Secretaría Xeral.
Órgano consultor "Goberno Municipal de Coordinación de Delegacións "	75 euros/sesión, a certificar pola Secretaría Xeral (periodicidade mínima de unha sesión ao mes e máxima de 4 sesións ao mes)
Preparación de asuntos e asistencia a cada unha das sesión celebradas polo órganos dos que formen parte, en concreto os distintos "Consellos Locais".	15 euros/sesión, a certificar pola Secretaría Xeral.

Poderán simultanearse ou acumularse para o seu devengo ou percepción calquera das sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local ou Comisións Informativas, aínda cando se celebre máis dunha dun mesmo órgano colexiado ao día, sendo aboadas a máis alta das compensacións na súa totalidade e as seguintes ao 50 por 100 das cantidades estipuladas.

Os cargos con dedicación exclusiva non percibirán ningún tipo de indemnización por asistencias, de acordo co previsto no artigo 13 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2º.- Aqueles membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do Termo Municipal, terán dereito a seren indemnizados mediante axudas de custe, polo importe establecido para o Grupo I na normativa de aplicación.

3º.- A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica na normativa aplicable. Nos restantes casos, indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe utilizado.

BASE 50ª.- ASIGNACIONES AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

De acordo co artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2015, asignoulle unha dotación económica os Grupos Políticos Municipais de que figura na aplicación 912.489.00 do orzamento, e que terá a natureza xurídica de transferencia corrente.

Deste xeito, durante o exercicio 2015 os grupos municipais percibirán as seguintes contías:

Importe fixo.	600 €
Importe variable:	50 € por cada compoñente do grupo.

	Nº de Concelleiros	Importe mensual	Importe anual
Partido Popular	8	1000	12.000,00
Bloque Nacionalista Galego	4	800	9.600,00
PSdg-PSOE.	3	750	9.000,00
Ciudadanos	3	750	9.000,00
IPdR	2	700	8.400,00
Concelleira non adscrita	1	0	0,00
Total	21	4.000,00 €	48.000,00 €

Cada Grupo Político deberá levar unha contabilidade específica da súa dotación, que porá a disposición do Pleno da Corporación sempre que este lla requira.

O control interno desta dotación efectuarase pola Intervención Xeral mediante un sistema de fiscalización diferida ou control financeiro sobre o destino dos fondos, que se efectuará no exercicio inmediato seguinte.